



| Guía Docente          |  |                    |                        |          |
|-----------------------|--|--------------------|------------------------|----------|
| Datos Identificativos |  |                    |                        | 2016/17  |
| Asignatura (*)        | Educación e linguas en Galicia   | Código             | 652602003              |          |
| Titulación            | 2 Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria: Tecnoloxía  |                    |                        |          |
| Descritores           |  |                    |                        |          |
| Ciclo                 | Período  | Curso              | Tipo                   | Créditos |
| Mestrado Oficial      | 1º cuatrimestre  | Primeiro           | Obrigatoria            | 1.5      |
| Idioma                | Galego   |                    |                        |          |
| Modalidade docente    | Presencial   |                    |                        |          |
| Prerrequisitos        |  |                    |                        |          |
| Departamento          | Galego-Portugués, Francés e Lingüística  |                    |                        |          |
| Coordinación          | Vizcaíno Fernandez, Carlos Caetano   | Correo electrónico | carlos.vizcaino@udc.es |          |
| Profesorado           | Vizcaíno Fernandez, Carlos Caetano   | Correo electrónico | carlos.vizcaino@udc.es |          |
| Web                   |  |                    |                        |          |
| Descrición xeral      | Esta materia ten como obxectivo central a reflexión sobre a relevancia da diversidade lingüística e o papel que o sistema educativo xoga no seu mantemento, coñecer a realidade sociolingüística galega e analizar o papel dos centros de ensino como axentes de planificación lingüística. Por tanto, a través do seu estudo, esta materia pretende incorporar a cultura da planificación e da intervención como factores esenciais da educación. |                    |                        |          |

| Competencias / Resultados do título |  |
|-------------------------------------|--|
| Código                              | Competencias / Resultados do título  |
| A1                                  | (CE-G1) Coñecer as características dos estudantes, os seus contextos sociais e motivacións   |
| A6                                  | (CE-G6) Coñecer a evolución histórica do sistema educativo no noso país  |
| A8                                  | (CE-G8) Promover accións de educación emocional, en valores e formación cidadá   |
| A9                                  | (CE-G9) Participar na definición do proxecto educativo e nas actividades xerais do centro atendendo a criterios de mellora da calidade, atención á diversidade, prevención de problemas de aprendizaxe e convivencia   |
| A10                                 | (CE-G10) Relacionar a educación co medio e comprender a función educadora da familia e a comunidade, tanto na adquisición de competencias e aprendizaxe como na educación no respecto dos dereitos e liberdades, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade. |
| A13                                 | (CE-G13) Comprender as implicacións educativas da situación lingüística galega e adquirir e aplicar criterios, estratexias e recursos pedagóxicos para participar na planificación e desenvolvemento do plano lingüístico do centro.   |
| A14                                 | (CE-G14) Respetar e promover os dereitos humanos, os valores da cultura da paz e dos valores democráticos, e o recoñecemento dos principios e fundamentos da atención á diversidade.   |
| A26                                 | (CE-E12) Analizar críticamente o desempeño da docencia, das boas prácticas e da orientación utilizando indicadores de calidade.  |
| C1                                  | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.   |
| C4                                  | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.   |

| Resultados da aprendizaxe   |      |  |                                     |
|---|------|--|-------------------------------------|
| Resultados de aprendizaxe   |      |  | Competencias / Resultados do título |
| Saber deseñar mecanismos de recoñecemento no grupo escolar de preconceptos que conduzan á discriminación (nomeadamente a lingüística) e actuacións para a súa erradicación.   | AP1  |  |                                     |
|   | AP8  |  |                                     |
|   | AP13 |  |                                     |
| Avaliar criticamente e en grupo as debilidades e as fortalezas dun proxecto lingüístico de centro de ensino real.   | AP9  |  | CM4                                 |
|   | AP10 |  |                                     |
|   | AP13 |  |                                     |
|   | AP26 |  |                                     |
| Participar con argumentos sólidos e as claves da redacción académica en discusións dirixidas sobre a situación sociolingüística galega, os modelos de educación plurilingüe e o papel dos centros de ensino na planificación lingüística. | AP13 |  | CM1                                 |



|   |                     |     |
|---|---------------------|-----|
| A través das lecturas recomendadas, comprender a situación sociolingüística galega e coñecer a lexislación vigorante referida ao ensino das linguas en Galicia, mantendo un espírito crítico e comprometido cos valores de xustiza e equidade, asumindo a necesidade de actualización profesional ao longo da vida. | AP6<br>AP13<br>AP14 | CM4 |
|---|---------------------|-----|

| Contidos  |   |
|---|---|
| Temas   | Subtemas  |
| Unidade e diversidade lingüística. Modelos de educación bilingüe ou plurilingüe | Que son as linguas?<br>Canto coñecemos sobre a diversidade lingüística?<br>Para que serve a educación?<br>Como apostamos polo plurilingüismo?                             |
| A situación sociolingüística da lingua galega                                   | Coñecemento e uso da lingua galega<br>Actitudes e preconceitos sobre as linguas. O caso galego<br>Ameazas e fortalezas da lingua galega                                   |
| As linguas no sistema educativo galego  | A lexislación lingüística no sistema educativo<br>A competencia lingüística<br>A formación lingüística<br>Referentes e compromisos  |
| O papel dos centros educativos na planificación lingüística                     | A intervención sociolingüística no ensino. Obxectivos e niveis de actuación<br>O proxecto lingüístico de centro<br>Os equipos de normalización e dinamización lingüística |

| Planificación          |                           |   |                         |              |
|------------------------|---------------------------|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas  | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Foro virtual           | A10 A13 A14 C1 C4         | 0.5                                     | 4                       | 4.5          |
| Proba mixta            | A13 C1                    | 0                                       | 4                       | 4            |
| Lecturas               | A1 A6 A8 A13              | 1                                       | 13.5                    | 14.5         |
| Sesión maxistral       | A13                       | 3.5                                     | 0                       | 3.5          |
| Estudo de casos        | A9 A13 A26                | 10                                      | 0                       | 10           |
| Atención personalizada |                           | 1                                       | 0                       | 1            |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías     |  |
|------------------|--|
| Metodoloxías     | Descrición   |
| Foro virtual     | Existirá un caderno dixital para comentaren os/as estudantes as sesións e debater sobre as lecturas e os temas principais que se abordaren na aula.  |
| Proba mixta      | Existirá unha proba obxectiva final, con contidos fundamentalmente prácticos, que o alumnado deberá superar con, cando menos, un catro para lle facer media co resto das cualificacións obtidas durante o curso. |
| Lecturas         | O alumnado deberá demostrar a comprensión das lecturas obrigatorias a través da súa participación no caderno dixital.  |
| Sesión maxistral | Presentación, desenvolvemento e análise de contidos teóricos e procedimentais fundamentais para o alumnado alcanzar as competencias e destrezas previstas na materia.  |
| Estudo de casos  | Na aula estudaranse diversos supostos prácticos para responder á heteroxeneidade de centros e de situacións sociolingüística.  |

| Atención personalizada |            |
|------------------------|------------|
| Metodoloxías           | Descrición |
|                        |            |



|              |   |
|--------------|---|
| Foro virtual | <p>O docente fará un seguimento semanal do caderno dixital e dará pautas de comprensión das dúbidas que ficaren, así como ofrecerá outras lecturas alternativas.</p> <p>Por outra parte, todas as persoas discentes recibirán recomendacións sobre o seu seguimento das aulas e da materia mentres esta se desenvolver.</p> |
|--------------|---|

| Avaliación      |                           |  |               |
|-----------------|---------------------------|--|---------------|
| Metodoloxías    | Competencias / Resultados | Descrición   | Cualificación |
| Lecturas        | A1 A6 A8 A13              | Elaboración de informes e participación nas discusións dirixidas con argumentos apoiados nas lecturas. | 10            |
| Estudo de casos | A9 A13 A26                | Elaboración de supostos prácticos, individual e grupalmente.   | 30            |
| Proba mixta     | A13 C1                    | Realización dunha proba final  | 30            |
| Foro virtual    | A10 A13 A14 C1 C4         | Participación no caderno dixital   | 30            |

| Observacións avaliación   |
|---|
| <p>Todas as actividades deberán ser entregadas de acordo cos prazos e os procedementos fixados no cronograma que o profesorado fornecerá ao alumnado no inicio das sesións e pendurará na plataforma moodle.</p> <p>O estudantado a tempo parcial e con dispensa académica realizará ou entregará as actividades obrigatorias nunha data concertada previamente cos profesores. Este alumnado deberá realizar e entregar as mesmas probas e exercicios que o restante e, se non puider asistir ás titorías, deberá pórse en contacto co profesor a través do correo electrónico.</p> <p>Para superar a materia, será condición indispensable ter realizado os estudos de casos e obter unha cualificación mínima de 4 valores sobre 10 na proba obxectiva.</p> <p>As persoas que non superaren a materia de acordo coa avaliación continuada deberán entregar en xullo, nas datas marcadas aos efectos de avaliación pola Facultade de Educación, os traballos que foren solicitados e superar tamén aquelas actividades que non tiveren superadas.</p> <p>Será considerado Non Presentado aquel/a estudante que non realizar os estudos de casos e/ou a proba obxectiva.</p> |

| Fontes de información |
|-----------------------|
|-----------------------|



|   |   |
|---|---|
| <p><b>Bibliografía básica</b></p>         | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Villares Naveira, L. (2010). Estudos xurídicos do Decreto de plurilingüismo. Ames: Laiovento</li> <li>- Núñez Singala, M. (2009). En galego, por que non? Contra os prexuízos e as simplificacións sobre a lingua galega. Vigo: Galaxia</li> <li>- Fernández Paz, A. /Lorenzo Suárez, A. / Ramallo, F. (2007). Guía práctica para a planificación lingüística nos centros educativos. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia</li> <li>- Fernández Paz, A. /Lorenzo Suárez, A. / Ramallo, F. (2007). A planificación lingüística nos centros educativos. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia</li> <li>- Xunta de Galicia (2005). Plan xeral de normalización da lingua galega . Santiago de Compostela: Xunta de Galicia</li> <li>- Skutnabb-Kangas, T. (2011). "Resultados de crecemento e a homoxeneización lingüística no ensino. Quen posúe os coñecementos máis válidos?" en Lingua e Ecoloxía. VIII Xornadas sobre Lingua e Usos. A Coruña: Servizo de Normalización Lingüística da UDC</li> <li>- Xunta de Galicia (2007). Planificación lingüística nos centros de ensino 2007. Compostela: Xunta de Galicia</li> <li>- Subiela e Fente (2012). "Reflexións relativas á elaboración participativa dun marco de planificación lingüística dos centros de ensino", en A letra miúda nº 1. Compostela: GENDL</li> <li>- Iglesias Álvarez (2012). "Actitudes e prexuízos lingüísticos en Galicia. A súa influencia nos usos", A letra miúda nº 1 (2012).. Compostela: GENDL</li> <li>- Asorey Vidal (). "O ensino en territorios con conflito lingüístico", Actas do I Simposio Internacional sobre o Bilingüismo, 897-904.</li> </ul>   |
| <p><b>Bibliografía complementaria</b></p> | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Silva Valdivia, B. (2010). Avaliación da competencia do alumnado de 4º da ESO nos idiomas galego e castelán. Santiago: Universidade</li> <li>- Freixeiro Mato, X. R. (2002 [1997]). Lingua galega: normalidade e conflito. Ames: Laiovento</li> <li>- García Negro, Mª do Pilar (1991). O galego e as leis. Aproximación sociolingüística. Pontevedra: Cumio</li> <li>- Skutnabb-Kangas, T. (2000). Linguistic genocide in education or worldwide diversity and human rights?. New Jersey: Lawrence Erlbaum Associates</li> <li>- García Plata, Ignasi (). "A planificación lingüística nos centros de ensino. A experiencia de Catalunya", A letra miúda nº 2, Revista de sociolingüística da CGENDL . Compostela: GENDL</li> <li>- Ponencia de lingua do Consello da Cultura Galega (1999). Dereitos lingüísticos. Compostela: Consello da Cultura Galega</li> <li>- Subiela, X. (2009). "Democracia e política lingüística en Galiza", en Monteagudo (coord.) Sociedades plurilingües: da identidade á diversidade. Compostela: Consello da Cultura Galega</li> <li>- Sanmartín Rei, G. (2011). Unha outra guía para a intervención lingüística. A Coruña: Servizo de Normalización Lingüística da UDC</li> <li>- Silva Valdivia, B. (2008). Lingua e escola en Galicia: balance e propostas de futuro . Vigo: Galaxia</li> <li>- Monteagudo, H. /Bouzada, X. (2002). O proceso de normalización lingüística do idioma galego (1980-2000). Vol. II. Educación . Compostela: Consello da Cultura Galega</li> <li>- Moure, T. (2010). Ecolingüística. Entre a ciencia e a ética . A Coruña: Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña</li> <li>- Calvet, L.J. (1995). A guerra das linguas e as políticas lingüísticas. Compostela: Laiovento</li> <li>- Díaz García et alí (2009). Diversidade lingüística e cultural no ensino de linguas . Santa Comba: tresCtres</li> <li>- Moreno Cabrera, J. C. (2006). De Babel a Pentecostés. Manifesto plurilingüista. Barcelona: Horsoni</li> </ul> |

**Recomendacións**

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

**Observacións**



(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías